



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

**FRANCISCO CACHARRO GOSENDE**, secretario xeral da Excm. Deputación Provincial de Ourense,

**CERTIFICO:**

Que mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, na sesión do 31 de outubro de 2008, adxudicouse definitivamente o contrato de xestión indirecta dos servizos provinciais de cooperación e asistencia a municipios en materia de medio ambiente e servizos públicos relacionados co ciclo hidráulico, a favor da empresa Aquagest Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA, quedando os estatutos sociais da empresa mixta constituída conforme co dito acordo, redactados como segue:

**ESTATUTOS DE AQUA OURENSE. SOCIEDADE PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE, SA**

**TÍTULO I**

**Denominación, obxecto, duración e domicilio social.**

**Artigo 1º.- Denominación e natureza da sociedade.**

1. Os presentes estatutos regulan o funcionamento da sociedade anónima denominada Aquaourense, Sociedade Provincial de Medio Ambiente de Ourense, SA, creada mediante contrato de xestión de servizos públicos adxudicado por acordo do Pleno da Deputación Provincial de Ourense de data 31 de outubro de 2008, que se rexerá polo disposto neles e nas disposicións legais que en cada momento sexan de aplicación.

2. Unha vez inscrita no Rexistro Mercantil, a sociedade adquirirá personalidade xurídica, gozando de plena capacidade para a realización do seu obxecto social, para o cal poderá adquirir, posuír, reivindicar, permutar, gravar ou allear toda clase de bens, celebrar contratos, establecer e explotar obras ou servizos, obrigarse, interpoñerlos recursos e exercer calquera accións prevista polas leis.

**Artigo 2º.- Obxecto.**

O obxecto social estará constituído polas seguintes actividades, que se realizarán na provincia de Ourense:

a) A xestión indirecta, no ámbito territorial da provincia de Ourense, dos servizos públicos provinciais de asistencia e cooperación ós municipios en materia de servizos públicos relacionados coa xestión do ciclo hidráulico, comprendendo as seguintes actividades:

a.1) A prestación de asistencia técnica, xurídica e administrativa, en calquera das súas formas, para a xestión dos servizos públicos municipais de abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento e tratamento e depuración de augas residuais. En particular, entenderanse comprendidas neste grupo de actividades a asistencia para a xestión de instalacións e servizos municipais, intermunicipais ou supramunicipais, relacionados coa xestión da auga, como por exemplo:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

COMPLEMENTO N.º 13 DE LA ESCRITURA N.º 27612408

- Confección de padróns.
  - Estudos económicos e xurídicos.
  - Elaboración material do proxecto de ordenanzas fiscais.
  - Elaboración material dos proxectos de regulamentos do servizo.
  - Lectura de contadores e busca de acometidas clandestinas.
  - Facturación.
  - Cobro.
  - Seguimento do SINAC.
  - Legalización e tramitación de expedientes de concesión de aproveitamento do dominio hidráulico.
  - Legalización de vertidos e revisións de autorizacións.
  - Xestión de expedientes de municipalización de redes particulares.
  - Asistencia á xestión de abastecementos, que poderá incluír:
    - Mantemento de captacións e bombeos.
    - Mantemento de ETAP's e bombeos.
    - Mantemento de depósitos e cloradores.
    - Mantemento de redes.
    - Busca e auscultación de fugas.
    - Reparacións de emerxencias.
    - Realización de acometidas.
    - Instalación de contadores.
    - Controis analíticos.
    - Subministración de auga potable en cisternas.
  - Asistencia á xestión de saneamentos, que poderá incluír:
    - Mantemento de redes.
    - Auscultación e visionado de redes.
    - Desatasco de redes.
    - Mantemento de bombeos.
    - Reparacións de emerxencias.
    - Realización de acometidas.
    - Mantemento de fosas sépticas.
    - Mantemento de depuradoras.
    - Asistencia para a xestión de lodos.
    - Controis analíticos.
  - Asistencia para a xestión de piscinas públicas, que poderá incluír:
    - Xestión de sistemas de depuración.
    - Xestión de sistemas de climatización.
  - En xeral a realización de calquera actividade directamente complementaria das anteriores.
- a.2) A elaboración, xestión e execución de plans e programas de investimento en infraestruturas destinadas ós servizos públicos municipais relacionados coa xestión do



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

ciclo hidráulico, que podrán incluir, a título de exemplo, as seguintes infraestruturas e sistemas:

- Captación de augas.
  - Obras de toma ou derivación.
  - Sistema de almacenamento.
  - Instalacións de bombeo, aceleración e impulsión en xeral.
  - Depuración de potables (Etap).
  - Sistemas de almacenamento e desinfección.
  - Redes de transporte.
- Distribución de augas potables
  - Sistemas de regulación, equilibrio e almacenamento.
  - Redes de distribución.
  - Sistemas de control.
  - Acometidas.
  - Sistemas de medida.
- Redes de sumidoiros:
  - Acometidas e sistemas de medida.
  - Cámaras de descarga e pozos de visita.
  - Imbornais e sumidoiros.
  - Redes unitarias ou separativas, de pluviais e/ou fecais.
  - Elementos de inspección.
  - Elementos de control e regulación.
  - Colectores.
- Infraestruturas e sistemas de depuración de augas residuais
  - Sistemas de pretratamento.
  - Sistemas e instalacións de depuración primaria.
  - Sistemas e instalacións de depuración secundaria.
  - Sistemas e instalacións para tratamentos terciarios.
  - Emisarios de augas tratadas.
  - Sistemas e instalacións de reutilización de augas depuradas.
  - Sistemas e instalacións de tratamento de lodos.
  - Sistemas e instalacións e valorización.
- Piscinas públicas
  - Sistemas de depuración.
  - Sistemas de climatización.
  - Vasos.
  - Instalacións anexas.
- Obras accesorias para as anteriores.
  - Edificacións.
  - Galerías subterráneas.
  - Obras de urbanización.
  - Axardinamentos.



COMPLEMENTO N.º 15 DE LA ESCRITURA N.º 2326/2008

DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE  
SECRETARÍA

b) A xestión do servizo público provincial de asistencia e cooperación ás entidades locais da provincia en materia de protección do medio ambiente, comprendendo a realización material de estudos e traballos, a cooperación na promoción de infraestruturas de carácter medioambiental e a asistencia na xestión das ditas infraestruturas.

2. A prestación do servizo de cooperación e asistencia levarase a cabo, en cada caso, mediante a subscripción de convenios entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais interesadas, nos que se definirán as concretas accións de cooperación e asistencia que se concerten e o seu réxime de financiamento, de acordo, en todo caso, cos prezos públicos que fixe a Deputación Provincial para os distintos servizos de asistencia que se oferten.

3. Na execución das actividades do obxecto social comprendidas no artigo 2.1, Aquaaourense, Sociedade Provincial de Medio Ambiente de Ourense ostentará con respecto á Deputación Provincial de Ourense a posición xurídica dun concesionario de servizos públicos – concretamente, dos servizos públicos de asistencia e cooperación nas materias sinaladas – correspondéndolle os dereitos e obrigacións propios da dita condición.

4. En todo caso, entenderase que a prestación de servizos de asistencia ou cooperación ós municipios nas materias incluídas no obxecto social se poderá levar a cabo tanto ós municipios individualmente considerados como agrupados a través de convenios ou integrados en mancomunidades, consorcios ou outras entidades de natureza asociativa. Igualmente poderán ser beneficiarias das prestacións de asistencia e cooperación as entidades locais menores, se é o caso.

**Artigo 3º.- Duración.**

A sociedade constitúese polo prazo de cincuenta anos contados desde a data da escritura de constitución. A data de comezo das operacións será a do outorgamento da súa escritura fundacional. Sen prexuízo disto, se algunhas das actividades que pode desenvolver-la sociedade por razón do seu obxecto necesitara de autorización administrativa, empezará a exercer-la citada actividade a partir da fecha da súa concesión.

**Artigo 4º.- Domicilio social.**

O domicilio social fixase na cidade de Ourense, na rúa Avilés de Taramancos, nº 6, baixo.

O Consello de Administración poderá establecer, suprimir ou trasladar cantas sucursais, axencias ou delegacións teña por conveniente, así como cambia-lo domicilio social dentro da mesma poboación.

**TÍTULO II**

**Do capital social. Accións e obrigacións**

**Artigo 5º.- Do capital social e as accións.**

O capital social fixase na cantidade de 100.000 € estando representado por 100 accións nominativas, cun valor nominal de 1.000 € cada unha. As ditas accións



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

dividense en dúas clases, constitutiva cada unha delas dunha única serie, da seguinte forma:

a) 34 accións da clase A, numeradas correlativamente dá 1 á 34. A súa titularidade corresponde á Deputación Provincial de Ourense, supoñendo o 34% do capital social.

b) 66 accións da clase B, numeradas correlativamente da 1 á 66. A súa titularidade corresponde a Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, S.A., supoñendo o 66% do capital social.

As accións da clase B lle confiren a Aquagest o dereito a facturar anualmente á sociedade, en concepto de retribución polas prestacións accesorias que lle corresponden, unha cantidade equivalente ó 6 % da facturación do exercicio. As ditas prestacións accesorias son as recollidas no artigo 6º dos presentes estatutos sociais.

As accións estarán representadas por medio de títulos e numeradas correlativamente. Estenderanse en libros-talonarios e conterán como mínimo as mencións esixidas polo artigo 53 da Lei de sociedades anónimas. En particular, as accións da clase B conterán unha mención ás prestacións accesorias que levan emparelladas.

Ata que os títulos se emitan, a sociedade poderá expedir resgardos provisionais que conterán o nome do seu titular, así como os requisitos indicados na vixente Lei de sociedades anónimas.

Poderán emitirse títulos múltiples comprensivos de varias accións da mesma clase. Tanto as accións como os títulos múltiples deberán cumprirlos requisitos da vixente Lei de sociedades anónimas.

As accións figurarán nun Libro Rexistro, no que se inscribirá, se é o caso a constitución de dereitos reais sobre elas, conforme co previsto na lei.

**Artigo 6º.- Prestacións accesorias do accionista titular de accións de clase B. Retribución. Cláusulas penais por incumprimento. Restricións á libre transmisión.-**

1. Ademais dos seus deberes e obrigacións xerais como socio, o socio privado titular das accións de clase B estará obrigado á realización das seguintes prestacións accesorias:

a) Achegarlle á Deputación Provincial a totalidade do capital social, subscrito por esta entidade local.

b) Achegarlle á sociedade o dereito de uso, durante toda a duración do contrato, dun local equipado para sede social da dita empresa mixta. O equipamento do local será o recollido no apartado 4, documento d) da oferta económica formulada por Aquagest S.A. na licitación do contrato de xestión de servizos públicos en virtude do que se constitúe a sociedade.

c) Achegarlle á Aquaourense un laboratorio de análises de augas para consumo humano, dotado co equipamento e características recollidas no documento b) da oferta presentada na licitación do contrato de xestión de servizos públicos en virtude do que se constitúe a sociedade. O dito equipamento entregáraselle en propiedade á sociedade.

d) Achegarlle á sociedade o know-how e a colaboración dos medios persoais, técnicos, materiais e financeiros de que dispoña para a execución do obxecto social,



COMPLEMENTO N.º 17 DE LA ESCRITURA N.º 2376/2008

DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE  
SECRETARÍA

entendéndose que como mínimo estes deberán ser os incluídos no documento d) da oferta presentada na licitación do contrato de xestión de servizos públicos en virtude do que se constitúe a sociedade.

2. As ditas prestacións accesorias serán retribuídas mediante o dereito do socio privado a facturarlle á sociedade unha cantidade equivalente ó 6 % da facturación anual.

3. En caso de incumprimento ou cumprimento defectuoso das ditas prestacións accesorias, a Deputación Provincial resérvase o dereito a impoñer cláusulas penais, que serán acordadas a través do correspondente procedemento administrativo, e poderán consistir na redución da retribución das prestacións accesorias en proporción ó grao de incumprimento acreditado, podendo alcanzar á totalidade da dita retribución en caso de total incumprimento por parte do socio privado. Sen prexuízo disto, a Deputación Provincial poderá ademais acordala disolución anticipada da sociedade, mediante a resolución do contrato de xestión de servizos públicos en cuxa virtude se produciu a súa fundación, ó abeiro do establecido na lexislación reguladora dos contratos do sector público.

4. A transmisión das accións do socio privado queda suxeita á seguintes condicións limitativas:

- A transmisión quedará suxeita ó cumprimento das condicións establecidas na lexislación de contratos públicos para a cesión de contratos a terceiros, debendo quedar acreditada, en todo caso, a solvencia técnica e financeira do cesionario conforme co establecido no presente prego. Ademais, e de conformidade co establecido no artigo 65 do Texto refundido da Lei de sociedades anónimas, a transmisión das accións, ó levar emparelladas prestacións accesorias, requirirá a autorización do órgano de administración da sociedade.

**Artigo 7º.- Aumento e redución do capital social.**

O capital social poderá aumentarse ou reducirse por acordo da Xunta Xeral, consonte cos preceptos destes estatutos e os requisitos esixidos pola lei.

A Xunta Xeral poderá autorizar ó Consello de Administración da Sociedade para que dentro do prazo máximo dun ano a contar desde o acordo da Xunta, o Consello de Administración poida proceder na data, contía e veces que estime oportunas, á ampliación de capital social ata nun cincuenta por cento da cifra de capital no momento do acordo de autorización.

**Artigo 8º.- Emisión de obrigacións ou outros títulos de débeda.**

Nas condicións establecidas pola lei, e en especial a Lei de facendas locais, a sociedade poderá emitir obrigacións simples ou hipotecarias ou outros títulos que recoñezan ou cren unha débeda.

O Consello de Administración determinará a clase de emisión, condicións de toda orde, tipo de interese, modo e momento do reembolso e demais particularidades do título se o acordo da Xunta Xeral non precisara estes extremos, con observación sempre da lexislación aplicable.

A Xunta Xeral, a proposta do Consello de Administración, nomeará o Comisario Presidente do Sindicato de Obrigacionistas, que quedará constituído unha vez que se inscriba a escritura de emisión, de conformidade co artigo 284 da Lei de sociedades anónimas.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

O importe total das obrigacións en circulación non excederá do importe do capital desembolsado, máis as reservas que figuren no último balance aprobado e nas contas de actualización e regularización de balances, cando fosen aceptadas polo Ministerio de Economía e Facenda.

A emisión de obrigacións, en todo caso, requirirá a autorización do Pleno da Deputación.

### **TÍTULO III** **DOS ÓRGANOS SOCIAIS**

#### **Artigo 9º.- Regras xerais.**

A dirección e administración da sociedade estará a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Xunta Xeral
- b) O Consello de Administración
- c) A Xerencia

#### **Sección primeira: A Xunta Xeral**

#### **Artigo 10º. Composición e réxime de funcionamento.**

1. A Xunta Xeral estará integrada por dous membros, un representante da Deputación, designado polo Pleno, e un representante do socio privado, designado por este. Cada un deles disporá da porcentaxe de votos correspondente ó capital social respectivo.

2. A convocatoria, constitución, réxime de funcionamento, votacións e adopción de acordos das xuntas xerais ordinarias e extraordinarias, acomodaranse ás disposicións mercantís vixentes. Sen prexuízo disto, e ó abeiro do establecido no artigo 308.3 da Lei de administración local de Galicia, establécense as seguintes regras especiais:

- Será necesaria a concorrencia da representación da Deputación Provincial, e así mesmo o seu voto favorable, para a adopción dos seguintes acordos: a modificación do acto de constitución ou dos estatutos sociais, a concertación de créditos e préstamos de calquera clase e a aprobación de contas e balances.

- A Xunta Xeral só poderá constituírse validamente, en primeira convocatoria, coa concorrencia do representante da Deputación Provincial.

3. Será presidente da Xunta Xeral o representante da Deputación designado por esta. O secretario da xunta será designado polo Pleno entre funcionarios da Deputación Provincial.

Ás xuntas xerais poderán asistir, con voz pero sen voto, os membros do Consello de Administración, o xerente e as persoas á que a lei ou os presentes estatutos outorguen o dito dereito, así como aquelas persoas que sexan expresamente autorizadas pola propia Xunta Xeral, a proposta do Consello de Administración.

#### **Artigo 11º - Xunta Xeral Ordinaria**

A Xunta Xeral reunirase obrigatoriamente e con carácter de ordinaria unha vez ó ano dentro do primeiro semestre, no día e a hora que determine o seu presidente a proposta do Consello de Administración, para censura-la xestión social, aprobar se é o caso, as contas do exercicio anterior e resolver sobre a aplicación do resultado.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE  
SECRETARÍA

COMPLEMENTO N.º 17 DE LA ESCRITURA N.º 026 12 608

**Artigo 12º.- Xunta Xeral Extraordinaria**

A Xunta Xeral Extraordinaria reunirse trala convocatoria previa do seu presidente, a proposta do Consello de Administración da Sociedade ou a pedimento por escrito – expresando na solicitude os asuntos para tratar - de calquera dos socios que representen máis dun 5 % do capital social.

**Artigo 13º.- Competencias da Xunta Xeral**

A Xunta Xeral, sen prexuízo do previsto no artigo 11 destes Estatutos, terá as seguintes competencias:

- a) Nomear e destituír ós membros do Consello de Administración.
- b) Nomear e destituír ó secretario do Consello de Administración.
- c) Modifica-los estatutos sociais.
- d) Aumentar ou diminuí-lo capital social.
- d) Emitir obrigacións ou outros títulos que creen dúbida.
- e) Autorizar ó Consello de Administración a concertación de toda clase de préstamos e créditos.
- f) Fixa-las retribucións e axudas de custo dos membros do Consello de Administración.
- g) Nomear, se é o caso, ós auditores de contas da Sociedade.
- h) Aprobar, a proposta do Consello de Administración, os estados de previsión de gastos e ingresos e os plans e programas de actuación.
- i) Aprobar, a proposta do Consello de Administración, os regulamentos de servizo e de réxime interior que poidan ser necesarios.
- l) O nomeamento, a proposta do Consello de Administración, do xerente.
- m) O cesamento do xerente, xa sexa por propia iniciativa ou a proposta do Consello de Administración.
- n) Resolve-las dúbidas que se susciten sobre a interpretación dos estatutos e supli-las súas omisións, dando conta á Xunta Xeral próxima que teña lugar, así como calquera outra que a Lei de sociedades anónimas atribúa á Xunta Xeral ou que pola lei ou os estatutos non estea atribuída a outro órgano social.

**Artigo 14.- Actas da Xunta Xeral.**

De cada sesión que teña lugar pola Xunta redactarase acta polo seu secretario, na cal se farán consta-los extremos esixidos pola lexislación mercantil reguladora das sociedades anónimas.

As actas da Xunta Xeral incorporaranse a un Libro de Actas. O Libro de Actas, que poderá ser de follas móbiles, será legalizado previamente á súa utilización polo Rexistro Mercantil, na forma prevista pola súa normativa reguladora.

As certificacións das actas e acordos da Xunta Xeral serán expedidas polo secretario da Xunta Xeral co visto e prace do presidente. A elevación a escritura pública dos acordos, se é o caso, levarase a cabo polas persoas lcxitimadas para isto pola normativa reguladora do Rexistro Mercantil.

**Sección Segunda: Do Consello de Administración**

**Artigo 15º: Natureza e composición do Consello de Administración.**



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE  
SECRETARÍA

O órgano de xestión e representación permanente da sociedade será o Consello de Administración, formado por cinco membros elixidos pola Xunta Xeral, dos cales tres o serán a proposta do capital privado e dous a proposta da Deputación Provincial, podendo recaer-lo dito nomeamento en membros da Deputación Provincial o persoal ó seu servizo.

Así mesmo, a Xunta Xeral designará ó presidente do Consello, de entre os membros elixidos a proposta do representante da Deputación, podendo designar un ou varios vicepresidentes, con funcións de suplencia do presidente.

A Xunta Xeral designará ó secretario do Consello de Administración, e, no caso de estimalo preciso, a un ou varios vicesecretarios para a súa suplencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. O secretario asistirá ás reunións do Consello con voz, pero sen voto, e non terá a condición de conselleiro. O cargo de secretario poderá recaer sobre persoal da Deputación Provincial.

En cumprimento do disposto na vixente Lei orgánica para a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a Xunta Xeral procurará incluír no Consello de Administración un número de mulleres que permita alcanzar una presenza equilibrada de homes e mulleres na súa composición.

O nomeamento dos membros do Consello producirá efecto desde a súa aceptación e inscribirse no Rexistro Mercantil conforme co establecido no artigo 125 da Lei de sociedades anónimas.

Os conselleiros, en tanto que membros de órganos de administración social, están suxeitos ós deberes de dilixencia, lealdade, fidelidade e secreto establecidos na lexislación de sociedades anónimas. Así mesmo, están suxeitos a responsabilidade fronte á sociedade, os accionistas e os acredores sociais polos danos ou prexuízos causados polos seus actos ou omisións contrarios á lei ou os estatutos ou que supoñan incumprimento dos seus deberes.

**Artigo 16º.- Duración do cargo de conselleiro.**

Os conselleiros serán nomeados por un prazo máximo de catro anos, cesando en todo caso coa expiración do mandato corporativo -sexan ou non deputados- e continuando en funcións ata a designación dos novos conselleiros pola nova Corporación que se constitúa tras cada elección.

Tamén cesarán cando así o acorde, en calquera momento, a Xunta Xeral.

**Artigo 17º.- Constitución e réxime de funcionamento.**

Unha vez elixidos os seus membros pola Xunta Xeral, o Consello de Administración reunirse, en sesión constitutiva, no prazo máximo de quince días hábiles, trala convocatoria previa do seu presidente. Na dita sesión constitutiva o Consello de Administración establecerá a periodicidade das súas sesións ordinarias e, se o considera necesario, as súas normas de funcionamento, no marco do establecido na lexislación aplicable e nos presentes estatutos sociais.

O Consello de Administración reunirse en sesión extraordinaria cando o dispoña o seu presidente ou o soliciten polo menos tres dos seus compoñentes, en cuxo caso se convocará polo seu presidente para reunirse dentro dos quince días seguintes á petición.



COMPLEMENTO N.º 21 DE LA ESCRITURA N.º 776 / 2008



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

As convocatorias, tanto en sesións ordinarias como extraordinarias, farase sempre por escrito dirixido persoalmente a cada conselleiro, cunha antelación mínima de dous días hábiles á data da reunión, expresándose os puntos para tratar na orde do día.

O Consello poderá ademais celebrar sesións extraordinarias urxentes, que poderán ser convocadas sen a antelación sinalada no parágrafo anterior. Non obstante, para a válida constitución do Consello en sesión extraordinaria urxente requirirase que, previamente ó inicio do tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, o Consello ratifique, por maioría absoluta do número estatutario dos seus membros, a urxencia da convocatoria. De non obterse a dita ratificación non poderá ter lugar a sesión.

O Consello de Administración quedará validamente constituído cando concorran á reunión, presentes ou representados, máis da metade dos seus compoñentes, quórum que se ha de manter durante toda a sesión, debendo concorrer, ademais, o presidente e o secretario, ou aquelas persoas a quen lles corresponda substituílos. A representación para concorrer ó Consello haberá de recaer necesariamente noutro Conselleiro, e conferirase mediante escrito dirixido ó presidente.

En caso de non obterse o quórum de constitución do Consello en primeira convocatoria, este poderá celebrar sesión en segunda convocatoria, unha hora despois, se nese momento se reunise o dito quórum.

Os acordos do Consello adoptaranse por maioría absoluta dos conselleiros concorrentes, decidindo en caso de empate o voto do presidente, quen á súa vez dirixirá as deliberacións e votacións. O Consello poderá adoptar acordos, sen sesión, mediante votación por escrito, se ningún conselleiro se opón a este procedemento.

O Consello de Administración, a proposta do seu presidente, poderá autorizar a calquera persoa non conselleiro para asistir con voz pero sen voto ás súas sesións.

**Artigo 18º.- Actas do Consello de Administración.**

De cada sesión que teña lugar do Consello redactarase acta polo secretario, na que constarán a data e lugar de celebración do Consello, a lista de asistentes e ausentes, o carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se esta tivo lugar en primeira ou segunda convocatoria, as votacións realizadas e os acordos tomados, así como o contido das intervencións no caso de que se solicite expresamente a súa constancia por parte dos intervinientes. As actas serán aprobadas ó concluí-la sesión, ou, en caso de non ser posible, na sesión seguinte que teña lugar do Consello. Unha vez aprobada a acta, asinarase polo secretario, co visto e prace do presidente.

As actas incorporaranse a un Libro de Actas, e serán asinadas polo presidente e o secretario ou, se é o caso, polo vicepresidente e o secretario.

O Libro de Actas, que poderá ser de follas móbiles, deberá ser legalizado, con carácter previo á súa utilización, polo Rexistro Mercantil, na forma prevista no Regulamento do Rexistro Mercantil.

As certificacións das actas e acordos do Consello serán expedidas polo secretario do Consello de Administración co visto e prace do presidente, ou se é o caso, do vicepresidente.

**Artigo 19º.- Competencias do Consello de Administración:**



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE  
SECRETARÍA

COMPLEMENTO N.º 22 DE LA ESCRITURA N.º 126 12.608

Correspóndenlle ó Consello de Administración as máis amplas facultades para o cumprimento e desenvolvemento do obxecto social, salvo aquelas que a lei ou os estatutos lle reserven á Xunta Xeral.

En particular serán atribucións do Consello de Administración:

- a) A dirección, xestión e administración superior da sociedade.
- b) Executa-los acordos e segui-las directrices fixadas pola Xunta Xeral, salvo cando a dita execución non requira da adopción dun acordo do Consello, en cuxo caso a súa execución corresponderalle á xerencia.
- c) Acorda-lo exercicio e desistimento de accións tanto en vía administrativa como xudicial.
- d) Aproba-los proxectos de estados anuais de previsión de gastos e ingresos, así como os plans e programas de actuación, e elevalos para a súa aprobación definitiva pola Xunta Xeral.
- e) Formula-las contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación de resultados, así como, se é o caso, as contas e o informe de xestión consolidados.
- f) Autorizar toda clase de contratos, adquisicións e subministracións, fixando as condicións xerais que haxan de rexer tales contratacións.
- g) Establecer, se é o caso, directrices e instrucións para a actuación da xerencia.
- h) Celebrar toda clase de actos, contratos, convenios e negocios xurídicos, salvo aqueles que a lei ou os estatutos lle atribúan á competencia da Xunta Xeral.
- i) Aproba-la proposta de prezos públicos dos servizos prestados, para a súa aprobación polo órgano provincial competente.
- l) A concertación de toda clase de operacións de crédito, trala autorización previa da Xunta Xeral.
- m) A planificación e organización dos recursos humanos da sociedade, a contratación e o despedimento do persoal.
- n) Propoñerlle á Xunta Xeral a aprobación dos regulamentos de servizos e de réxime interior que poidan ser necesarios.
- o) Propoñerlle á Xunta Xeral o nomeamento e, se é o caso, a destitución do xerente.
- p) Delegar na xerencia todas ou algunhas das súas facultades, salvo as que legalmente non poidan ser obxecto de delegación, establecendo os mecanismos de control que considere precisos.
- q) Calquera outra facultade non atribuída expresamente polos estatutos sociais ou a lei a outro órgano social.

**Artigo 20º.- Competencias do presidente, vicepresidente e secretario.**

1. Son funcións do presidente do Consello de Administración:

- a) Acorda-la convocatoria dos Consellos de Administración, establecendo a orde do día dos asuntos que han de tratarse en cada sesión.
- b) Presidir e dirixi-las deliberacións e votacións, decidindo os empates co seu voto de calidade.



COMPLEMENTO N.º 27 DE LA ESCRITURA N.º 786/2008



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

- c) A representación xeral e ordinaria da sociedade, sen prexuízo do outorgamento de poderes ó xerente ou a calquera outro membro do Consello de Administración.
- d) Supervisar, coa asistencia do secretario, a preparación e elaboración, por parte da xerencia, das propostas, memorias, contas, informes e inventarios que haxan de ser aprobados polo Consello.
- e) Delegar todas ou algunha das súas funcións no vicepresidente ou vicepresidentes.

2. O vicepresidente substituirá na totalidade das súas funcións ó presidente nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións. Terá ademais as atribucións que lle encomende o Consello de Administración da Sociedade ou as que le delegue o presidente.

3. O secretario, desempeñará as seguintes funcións:

- a) Convoca-las sesións por orde do presidente.
- b) Asistir ó presidente na fixación da orde do día, dándolle conta dos asuntos que existan, trala solicitude dos antecedentes necesarios á xerencia.
- c) Asistir ás sesións, redactando acta destas, que asinará co presidente e serán estendidas no Libro de Actas correspondente.
- d) Expedir, co visto e prace do presidente, as certificacións dos acordos adoptados polo Consello de Administración.
- e) Exerce-las funcións de letrado asesor, salvo que careza da titulación necesaria para isto, en cuxo caso a Xunta Xeral deberá designar unha persoa específica para o desempeño desta función.
- f) Todas aquelas que lle atribúa a lexislación mercantil vixente na materia.

**Artigo 21º - Retribucións, indemnizacións e axudas de custo por asistencia dos membros do Consello de Administración, secretario e letrado.**

A Xunta Xeral Ordinaria establecerá cada ano, ou con validez para os exercicios que a propia Xunta decida, a remuneración dos conselleiros, dentro dos límites establecidos pola lei. A dita contía consistirá en axudas de custo por asistencia ás reunións do Consello. A retribución do secretario, e, se é o caso, do letrado - asesor será fixada polo Consello de Administración. No caso de que os cargos de secretario ou letrado - asesor recaian en persoal ó servizo da Deputación Provincial, a súa retribución só poderá consistir en axudas de custo por asistencia ás sesións do Consello, de acordo co establecido na lexislación de incompatibilidades do persoal ó servizo do sector público.

Os membros do Consello de Administración terán ademais dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasione o desempeño do seu cargo, trala acreditación previa documental destes. No caso de gastos de locomoción, aplicaranse as contías sinaladas pola lexislación vixente para os funcionarios locais.

**Sección Terceira: Da Xerencia**

**Artigo 22º.- Nomeamento e funcións.**



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

O xerente será nomeado pola Xunta Xeral, trala proposta previa do Consello de Administración, adoptada de acordo coa proposta dos conselleiros designados polo socio privado. A súa destitución será acordada, igualmente, pola Xunta Xeral, por propia iniciativa ou por pedimento do Consello de Administración.

O xerente asistirá, con voz e sen voto, ás reunións do Consello de Administración.

Poderá asistir, tamén, á Xunta Xeral, en caso de que o presidente da Xunta o dispoña así, ou cando o soliciten un terzo, polo menos, dos membros da Xunta.

Correspóndenlle ó xerente as seguintes facultades:

a) Representar á sociedade, nos casos en que o Consello de Administración lle atribúa esta facultade.

b) A dirección e o desenvolvemento concreto da xestión da sociedade e a organización e dirección do persoal ó seu servizo, de conformidade cos acordos sociais e as instrucións e directrices do Consello de Administración.

c) Proponerlle ó presidente os asuntos para incluír na orde do día das reunións do Consello.

d) Proponerlle ó Consello de Administración o establecemento de políticas e directrices xerais sobre as actividades da empresa.

e) Exerce-la xefatura de todo o persoal contratado pola sociedade, sen prexuízo das atribucións do Consello en materia de persoal.

f) Prepara-la información necesaria acerca dos asuntos de que deba trata-lo Consello, a requirimento do secretario.

g) Elabora-los proxectos de estados de previsión de gastos e ingresos, dos plans e programas de actuación e das contas, informes de xestión e propostas de aplicación do resultado, para a súa aprobación polo Consello de Administración e posterior sometemento á Xunta Xeral.

h) A levanza e custodia da correspondencia, dos libros de contas e canta documentación mercantil esixa o funcionamento da sociedade.

i) Abrir e cancelar toda clase de contas correntes, contas de aforro ou imposicións a prazo, nos bancos oficiais ou privados, caixas de aforro e demais entidades de crédito e financeiras.

l) Asinar e endosar cheques, ordenar transferencias, xiros e ordes de pagamento, e en calquera forma retirar cantidades das contas correntes, contas de crédito, contas de aforro, imposicións a prazo e de calquera outra clase, de bancos oficiais ou privados, caixas de aforro e demais entidades de crédito ou financeiras.

m) Domiciliar pagamentos, recibos, letras de cambio e demais efectos de comercio nas contas correntes abertas en bancos oficiais ou privados, caixas de aforro e demais entidades de crédito ou financeiras.

n) Aceptar e endosar letras de cambio e demais efectos comerciais, nos que se documenten obrigacións de pagamento que traian causa en actos ou negocios xurídicos para os que estivese expresamente apoderado ou que fosen debidamente autorizados polo Consello de Administración.



COMPLEMENTO N.º 25 DE LA ESCRITURA N.º 2376/2008



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE

SECRETARÍA

ñ) Constituír na Caixa Xeral de Depósitos e en tódalas súas delegacións, así como en calquera outro organismo público, fianzas, depósitos provisionais e definitivos, así como solicita-la súa devolución.

o) Acepta-lo recoñecemento de débedas que se fagan por terceiros e a garantía que se ofrezca e constitúa polos debedores.

p) Solicitar todo tipo de licenzas de obras, actividades, instalacións ou aperturas, e toda clase de autorizacións administrativas precisas para o desenvolvemento da actividade da sociedade.

#### TÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO FINANCEIRO

##### Artigo 23º.- Exercicio social.

O exercicio social comezará o día primeiro de xaneiro e pecharase o trinta e un de decembro de cada ano. Por excepción o primeiro exercicio social comezará o día da sinatura da escritura de constitución e pecharase o trinta e uno de decembro do mesmo ano.

##### Artigo 24º.- Contas anuais.

O Consello de Administración, dentro do prazo legal, e a proposta da xerencia, formulará as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado, así como, se é o caso, as contas e o informe de xestión consolidados, para, unha vez revisados e informados polos auditores de contas, se é o caso, ser presentados á Xunta Xeral. En canto ó depósito e publicidade das contas estarase ó disposto no artigo 218 e seguintes da Lei de sociedades anónimas e ó que en cada momento determine a lexislación aplicable.

##### Artigo 25º.- Aplicación de resultados

Dos beneficios sociais, se é o caso, detraeranse as reservas legais, e serán aplicados do xeito que acorde a Xunta Xeral Ordinaria, de conformidade co artigo 215 da Lei de sociedades anónimas e demais disposicións legais vixentes.

#### TÍTULO V DO PATRIMONIO E O PERSOAL DA SOCIEDADE

##### Artigo 26º.- Persoal da sociedade

O persoal da sociedade rexerese polas normas do dereito laboral.

##### Artigo 27º.- Recursos económicos da sociedade.-

Os recursos económicos da Sociedade estarán integrados por:

- Os bens e dereitos que constitúan o seu patrimonio.
- Os ingresos percibidos polo exercicio da súa actividade.
- As subvencións ou achegas transferidas por entidades públicas ou privadas.
- Calquera outros bens ou dereitos que poidan serlle atribuídos conforme a Dereito.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
OURENSE  
SECRETARÍA

### DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA SOCIEDADE

#### Artigo 28º - Disolución

A sociedade disolverase polo cumprimento do termo fixado no artigo 3 destes estatutos e polas demais causas previstas na lexislación de sociedades anónimas e na Lei de contratos do sector público, mediante acordo da Xunta Xeral cos requisitos establecidos na lei.

Non será necesario o acordo da Xunta Xeral nos supostos de disolución anticipada da sociedade por resolución unilateral do contrato de xestión de servizos públicos, resolución que será acordada de modo unilateral e executivo pola Deputación Provincial consonte co procedemento administrativo correspondente, ó abeiro do disposto na Lei de contratos do sector público.

Cando a sociedade deba disolverse por causa legal que esixa acordo da Xunta Xeral, o seu presidente deberá convocala no prazo de dous meses desde que conorra a dita causa para que adopte o acordo de disolución.

Cando a disolución deba ter lugar por reducirse o patrimonio a unha cantidade inferior á metade do capital social, aquela poderá evitarse mediante acordo de aumento ou redución de capital na medida suficiente. A dita regularización será eficaz sempre que se faga antes de que se decrete a disolución xudicial da sociedade.

#### Artigo 29º.- Liquidación e cancelación

Acordada a disolución da sociedade, o Consello de Administración exercerá as funcións de comisión liquidadora, coas obrigacións e facultades que para estes establece a lei.

O número de membros da comisión liquidadora deberá ser impar, polo que, de estar integrado nese momento o Consello por unha cifra par de conselleiros, a Xunta Xeral designará un novo conselleiro.

Para a realización da liquidación da sociedade mercantil contemplárase, en primeiro lugar, a reversión á Deputación Provincial das obras e instalacións afectas ós servizos públicos integrantes do obxecto social que sexan propiedade da sociedade, procedéndose a elabora-la liquidación do activo restante. O activo resultante despois de satisfacer as débedas da sociedade repartirase entre os socios en proporción ó importe nominal das súas accións.

Unha vez aprobado o balance final, os liquidadores solicitarán do rexistrador mercantil a cancelación dos asentos referentes á Sociedade extinguida e depositarán no dito Rexistro os Libros de Comercio e documentos relativos ó seu tráfico.

E para que conste, expido este certificado en Ourense, o dezasete de decembro de dous mil oito.

V. e pr.  
O PRESIDENTE,